



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Estruturas e Variedades do Latín	Código	613G01034	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e Latina			
Coordinación	Ferraces Rodriguez, Arsenio	Correo electrónico	a.ferraces@udc.es	
Profesorado	Ferraces Rodriguez, Arsenio	Correo electrónico	a.ferraces@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudio de los sistemas fonético, morfológico, sintáctico y léxico del latín y caracterización de sus variedades diacrónicas, diatópicas, diastráticas y estilísticas a través de los textos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria ó estudo sincrónico e diacrónica da lingua e da literatura latinas.	A1		
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios antigos e modernos utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual	A2 A12		
Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria e o seu desenvolvemento no campo da lingua e da literatura latinas.	A3		
Coñecer os principios teóricos básicos da tradución directa e inversa e ser capaz de poñelos en práctica.	A12		
Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latinas tanto en sincronía como no seu carácter de antecedente das linguas románicas e das literaturas modernas.	A13		
Ser capaz de levar os coñecementos lingüísticos e literarios á súa aplicación práctica no estudo da lingua e literatura latinas.	A15		
Ter coñecementos sobre a evolución terminolóxica e sobre os procedementos de creación léxica tanto na lingua latina como no paso desde o latín ata as linguas romances.	A23		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información no que atinxe ó mundo latino, á súa lingua e á súa literatura.		B1	
Adquirir capacidade de autoformación no estudo sincrónico e diacrónico da lingua latina e da súa literatura.		B3	
Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en contornos relativos ó mundo antigo, á lingua latina e á súa literatura.		B4	
Relacionar os coñecementos sobre lingua e literatura latinas cos de outras áreas e disciplinas, en particular con aquelas mais directamente derivadas do mundo clásico.		B5	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma, enriquecendo a capacidade expresiva por medio da aplicación do aprendido no ámbito da lingua latina e do mundo cultural antigo.			C1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva no estudo da lingua latina e a súa evolución.		B6 B7	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico na lectura e valoración de documentos escritos en lingua latina.		B7 B8	
Apreciar a diversidade da lingua latina en sincronía e en diacronía.		B8	



Contidos	
Temas	Subtemas
1. O alfabeto e a pronunciación do latín	Orixe e evolución do alfabeto latino As pronunciacións do latín
2. Morfosintaxe do latín.	A flexión nominal. Morfoloxía verbal As frases preposicionais. Coordenación e subordinación. Principais liñas evolutivas.
3. O léxico latino: mecanismos para a súa creación, organización e renovación.	Derivación Composición Préstamos, con atención preferente ós helenismos e á súa evolución diacrónica dentro da lingua latina
4. Variedades do latín.	Diacronía: latín arcaico, &quot;clásico&quot;, tardío, medieval. A cuestión das variedades diatópicas do latín. Variedades diastráticas, con atención preferente ó latín dos cristiáns. O problema do chamado latín vulgar. Características do latín vulgar.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A13 A15	16	32	48
Sesión maxistral	A3 A12 A13 B5	16	0	16
Lecturas	A3 A23 B1 B3 B6 B7	0	20	20
Análise de fontes documentais	A1 A2 A13 A15 A23 B1 B5 B8 C3	0	12	12
Traballos tutelados	A1 A2 A13 A15 A23 B3 B4 B6 B7 C1	0	12.5	12.5
Proba mixta	A1 A3 A12 A13 A15 A23 C1	2	0	2
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Lecturas	Lectura dos manuais, artigos e monografías que se indiquen para cada tema, así como dos materiais que se poñan a disposición do alumnado a través da plataforma de teleformación.
Análise de fontes documentais	Análise de textos relativos aos contidos da asignatura que se comentarán especialmente nas sesións maxistras e de aprendizaxe colaborativa. Os textos indicaranse ao longo do curso.
Traballos tutelados	Dous traballos individuais onde o alumno terá que demostrar a asimilación de conceptos, manexo da bibliografía e/ou aplicación dunha metodoloxía concreta.
Proba mixta	Proba que integra preguntas de tipo teórico e exercicios de tipo práctico sobre os contidos do programa.



## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa Traballos tutelados	<p>Os traballos estarán relacionados cos temas destinados á aprendizaxe colaborativa. Consistirán en comentarios de textos, reseñas de artigos, aplicacións de métodos de análise ou outras actividades puntuais que se consideren proveitosas para a autoaprendizaxe do alumno. O profesor fará un seguimento destes traballos e atenderá dúbidas sobre os mesmos tanto na actividade na aula coma durante o horario de titorías.</p> <p>Para aqueles alumnos que só poidan asistir parcialmente ás aulas, diseñárase, no momento de comenzo destas, un calendario de citas co profesor, co fin de que éste poida seguir o cumprimento dos obxetivos da aprendizaxe e a realización dos traballos tutelados encomendados.</p>

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A3 A12 A13 A15 A23 C1	Consistirá nunha proba escrita con cuestións a desenvolver sobre o temario desenvolvido na aula. Poderá conter preguntas de índole teórica (explicación teórica dunha ou de varias cuestións do temario explicado) e exercicios de tipo práctico (comentario e explicación de textos). A proba terá lugar na data que figura no calendario oficial de exames aprobado pola Xunta de Facultade. Para superala, e para superar a materia, deberá alcanzarse na proba escrita unha calificación mínima de 5 puntos.	50
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A13 A15	Asistencia de maneira regular ás aulas, participación activa nas mesmas e realización das tarefas que se encomenden.	25
Traballos tutelados	A1 A2 A13 A15 A23 B3 B4 B6 B7 C1	Os traballos tutelados, que o alumno terá que desenvolver coa supervisión do profesor, estarán relacionados preferentemente coa actividade desenvolvida na aula, pero poderán ser tamén complementarios da mesma. Valorarase o seu contido e a súa correcta presentación.	25

## Observacións avaliación

Para aqueles alumnos que só poidan asistir parcialmente ás aulas, os criterios de avaliación serán os mesmos ca para o resto de alumnos, pero a valoración da aprendizaxe colaborativa farase atendendo ó desenvolvemento e ós resultados do traballo que se observen no calendario de citas co profesor que se establecerá ó comenzo das aulas. Os criterios de avaliación na convocatoria de segunda oportunidade serán os mesmos ca os establecidos para a convocatoria do mes de maio.
--

## Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Monteil, P. (2003). Elementos de fonética y morfología del latín. Sevilla</li><li>- Díaz y Díaz, M. C. (1981 (reimpr.)). Antología del latín vulgar. Madrid</li><li>- Sidwell, K., (1995). Reading Medieval Latin. Cambridge</li><li>- Adams, J. N. (2007). The Regional Diversification of Latin 200 BC - AD 600. Cambridge</li><li>- García de la Fuente, O. (1990). Introducción al latín bíblico y cristiano. Madrid</li><li>- Hermann, J., (2001). El latín vulgar. Barcelona</li><li>- Molina Yébenes, J. (1996). Sintaxis de los casos. Retroversión y comentario de textos. Barcelona</li><li>- Löfstedt, E. (1959). Late Latin [trad. it. con apéndice de G. Orlandi: Il latino tardo. Aspetti e problemi, Brescia, 1980]. Aschehoug</li><li>- Mantello, F. A. C.-Rigg, A. G. (1999 (reimpr.)). Medieval Latin. An Introduction and Bibliographical Guide. Washington</li><li>- Ernout, A.-Thomas, F. (1964). Syntaxe latine. Paris</li><li>- Palmer, R. L. (1988 (2ª ed.)). Introducción al latín. Barcelona</li><li>- Väänänen, V. (1985 (reimpr.)). Introducción al latín vulgar. Madrid</li><li>- Rubio, L., (1984 (2ª ed.)). Introducción a la sintaxis estructural del latín. Barcelona</li><li>- Fontán, A.-Moure Casas, A., (1987). Antología de latín medieval. Madrid</li><li>- Blaise, A. (1955). Manuel du latin chrétien. Strasbourg</li><li>- Ernout, A. (1956 (2ª ed.)). Recueil de textes latines archaïques. Paris</li><li>- Pisani, V. (1975). Testi latini arcaici e volgari con commento glottologico. Torino</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	A bibliografía complementaria indicárase en cada tema.

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías